



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE LOBIOS EN DATA VINTESEIS DE XANEIRO DO ANO DOUS MIL OITO.

No Salón de Actos da Casa Consistorial do Concello de Lobios, sendo as once horas e quince minutos do día vinteseis de xaneiro do ano dous mil oito, trala correspondente convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José Lamela Bautista, da comezo a sesión ordinaria ao existir quórum suficiente ao contar coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

D. Manuel Paz León.
D. Tomás Fernández González.
D. Fernando Rodríguez Broullón.
D. Jesús Deibe Fernández Simo.
D. Cayetano Carballo Suárez.
D. Francisco Veloso González.

Actúa como Secretaria, a Secretaria da Corporación, Dna. Laura Fernández Permuy.

Non asisten os concelleiros D. Benito Vázquez Vázquez, D. Antonio Estevez González.
Dna. María del Carmen Yáñez Salgado e Dna. María Belén González González

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA EN DATA VINTECATRO DE DECEMBRO DE DOUS MIL SETE.

Téndose diante a acta da sesión plenaria extraordinaria celebrada en data vintecatros de decembro do ano dous mil sete, o Sr. Alcalde-Presidente convida ós asistentes a que manifesten a súa conformidade, reparos ou observacións ó texto proposto.

Non promovéndose debate sobre o presente punto da orde do día sométese a votación, resultando aprobado co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullón, Fernández Simo e Carballo Suárez (seis votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sr. Veloso González por inasistencia á sesión (unha abstención).

Polo que a acta da sesión plenaria extraordinaria celebrada en data vintecatros de decembro do ano dous mil sete aprobouse por maioría absoluta (seis votos a favor dos grupos municipais do PSG-PSOE e BNG e unha abstención do grupo municipal Mixto) dos membros da Corporación.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

PUNTO SEGUNDO: CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E OS CONCELLOS DE BANDE, ENTRIMO, LOBEIRA, LOBIOS E MUÍÑOS PARA A PRESTACIÓN POR PARTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, EN RÉXIME DE COMPETENCIA DELEGADA E CON CARÁCTER INTERMUNICIPAL, DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS NOS DITOS CONCELLOS.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

VISTO o interese manifestado por representantes dos concellos da comarca da Baixa Limia na subscrición dun convenio de colaboración con esta Deputación Provincial, en virtude do cal a administración provincial asuma, en réxime de competencia delegada e con carácter intermunicipal, a xestión do servizo de recollida de RSU, do mesmo xeito que se fixo co resto de concellos da provincia que o solicitaron, no marco da política de cooperación da Deputación en materia de recollida de RSU.

VISTO o escrito remitido pola Deputación Provincial de Ourense relativo á necesidade de aprobación por este Concello do Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos de Bande, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muíños para a prestación por parte da Deputación Provincial, en réxime de competencia delegada e con carácter intermunicipal, do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos nos ditos concellos.

VISTO que no punto Sexto da Sesión Plenaria celebrada o pasado día 24/11/07 xa se tomara favorablemente o seguinte “ACORDO DE DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE DAS FACULTADES ATRIBUÍDAS A ESTE CONCELLO EN MATERIA DE XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN DOS IMPOSTOS SOBRE BENS INMOBLES, SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS, SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA E DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO E RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.”, que no Convenio que se pretende subscribir tamén figura na Cláusula “cuarta” e co fin de non modificar o modelo de Convenio proposto pola Deputación Provincial

PROPOÑO Ó PLENO DE CONCELLO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Aproba-lo Convenio de Cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos de Bande, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muíños para a prestación por parte da Deputación Provincial, en réxime de competencia delegada e con carácter intermunicipal, do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos nos ditos concellos. (Anexo I)”

ANEXO I

“CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E OS CONCELLOS DE BANDE, ENTRIMO, LOBEIRA, LOBIOS E MUÍÑOS PARA A PRESTACIÓN POR PARTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, EN RÉXIME DE COMPETENCIA DELEGADA E CON CARÁCTER INTERMUNICIPAL, DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS NOS DITOS CONCELLOS.

Ante o interese manifestado por representantes dos concellos da comarca da Baixa Limia na subscrición dun convenio de colaboración con esta Deputación Provincial, en virtude do cal a administración provincial asuma, en réxime de competencia delegada e con carácter intermunicipal, a xestión do servizo de recollida de RSU, do mesmo xeito que se fixo co resto de



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

concellos da provincia que o solicitaron, no marco da política de cooperación da Deputación en materia de recollida de RSU, esta Presidencia propón que, previa a ratificación da inclusión do asunto na orde do día, o Pleno adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobala subscrición do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos de Bande, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muíños, para a prestación, por parte da Deputación Provincial, en réxime de competencia delegada e con carácter intermunicipal, dos servizos de recollida de residuos sólidos urbanos nos ditos concellos, consonte coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

Constitúe o obxecto do presente convenio a regulación das condicións para a prestación, por parte da Deputación Provincial de Ourense, en réxime de competencia delegada e con carácter intermunicipal, do servizo de recollida de lixo nos concellos de Bande, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muíños, establecendo o réxime xurídico e económico desta fórmula de cooperación, así como a regulación da delegación do exercicio das competencias municipais de xestión tributaria e recadación da taxa de recollida de lixo, o IBI, o IAE e o IVTM (así como as taxas de abastecemento domiciliario de auga potable e saneamento e depuración de augas residuais, no seu caso) do municipio afectado, como mecanismo de garantía do cumprimento das obrigas económicas municipais establecidas no presente convenio.

SEGUNDA.- Delegación de competencias relativas ó servizo de recollida de residuos sólidos urbanos. Ámbito funcional, material, territorial e temporal.

1. En virtude do presente convenio, os concellos de Bande, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muíños delegan na Deputación Provincial o exercicio das competencias de ordenación, xestión e prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos, así como as competencias sancionadoras en materia de residuos que, conforme á lexislación vixente, lles correspondan ós concellos.

2. A delegación das competencias de ordenación, xestión e prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos comprenderá o exercicio das seguintes funcións:

- a) A ordenación do servizo, incluíndo o establecemento ou modificación das súas condicións de prestación e a elaboración e aprobación da correspondente Ordenanza reguladora.
- b) O establecemento, imposición e ordenación das taxas pola súa prestación, de conformidade co establecido na lexislación reguladora das facendas locais.
- c) A elección da forma de xestión do servizo, de entre as previstas na lexislación de réxime local.
- d) A planificación do servizo, establecendo, para tal efecto, as rutas e calendarios de recollida, a localización de colectores e as condicións da súa prestación que non requiran a aprobación dunha ordenanza, así como a planificación e programación dos investimentos que procedan para a súa ampliación, desenvolvemento ou mellora.
- e) O exercicio da potestade sancionadora, incluíndo a realización de inspeccións e comprobacións do cumprimento da normativa vixente en materia de residuos sólidos urbanos, así como a emisión de ordes de execución, cando legalmente proceda.
- f) A asunción, fronte a terceiros, dos dereitos e obrigas que corresponderían ó concello asinante en tanto que titular do servizo nas relacións xurídicas derivadas da prestación do servizo que xurdan a partir do 1 de marzo de 2008. Para estes efectos, a Deputación Provincial terá a condición de posuidor dos residuos recollidos nos termos previstos na vixente lexislación de residuos sólidos urbanos, e subscribirá os oportunos contratos de servizo coa empresa pública SOGAMA, SA, así como os convenios que procedan coas entidades Ecovidrio, Ecoembes e coas empresas



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

- recicladoras coas que sexa procedente para a entrega de determinados residuos, como é o caso do papel – cartón.
- g) A dirección do persoal adscrito ó servizo, fronte ó que asumirá a condición xurídica de empregador, nos termos da lexislación laboral vixente.
 - h) A organización dos traballos de recollida, a realización de campañas de información entre a poboación, a resolución de reclamacións e, en xeral, a adopción de cantos actos e disposicións cumpran para garanti-la prestación normal, regular e continuada do servizo.
 - i) A contratación da xestión indirecta do servizo, se é o caso.
 - l) A contratación de prestacións accesorias ó servizo, así como a contratación de obras, subministracións, asistencia técnica ou servizos necesarios para a súa xestión.
 - m) A resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos ditados en exercicio das competencias delegadas.

3. Para os efectos deste convenio, enténdese que o servizo de recollida de residuos sólidos urbanos comprende as prestacións de recollida, transporte e entrega a un xestor autorizado – de conformidade co establecido no Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia - da totalidade dos residuos que de acordo coa lexislación vixente teñen a consideración de residuos sólidos urbanos. Nesta definición, enténdense comprendidas a recollida selectiva de papel – cartón, vidro e envases lixeiros, así como calquera outro servizo de recollida de residuos que, durante a vixencia do presente convenio, poida atribuírselle pola lexislación vixente á competencia municipal. Considérase incluída, igualmente, no ámbito da delegación a construción, ordenación e xestión de puntos limpos

4. As competencias delegadas exerceranse no territorio dos concellos delegantes.

5. A delegación de competencias terá plenos efectos con data 1 de marzo de 2008. Exceptúase desta regra o caso da función recollida no apartado 2.b) da presente cláusula, que será efectiva a partir do 1 de xaneiro de 2009. En ámbolos dous casos, a súa vixencia estenderase ata o 31 de decembro de 2010, sen prexuízo da posibilidade da súa prórroga, de conformidade co establecido na cláusula 10ª.

TERCEIRA.- Mecanismos de control do exercicio da delegación para a prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos.

1. A delegación do exercicio das competencias relativas ó servizo de recollida de residuos sólidos urbanos non suporá cesión da titularidade da competencia, que en todo momento seguirá a ser municipal, delegándose unicamente o seu exercicio. Para tal efecto, establécense os mecanismos de control recollidos na presente cláusula, co obxectivo de garantir unha participación cualificada dos concellos delegantes na toma das decisións fundamentais relativas ó servizo, así como un axeitado control e seguimento do uso da delegación por parte da Deputación Provincial.

2. O exercicio das competencias delegadas por parte da Deputación Provincial requirirá autorización previa dos concellos delegantes nos seguintes casos:

- a) Aprobación da Ordenanza reguladora do servizo, ou das súas modificacións.
- b) O establecemento, imposición e ordenación das taxas pola prestación do servizo.
- c) A elección da forma de xestión do servizo, de entre as previstas na lexislación de réxime local.
- d) A planificación e programación dos investimentos que procedan para a ampliación, desenvolvemento ou mellora do servizo, cando a súa contía exceda do 30 % do custe económico anual do servizo reflectido na última liquidación aprobada, ou cando sen acadar esta porcentaxe o seu financiamento deba realizarse mediante un incremento das tarifas do servizo.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

O outorgamento desta autorización corresponderalle ós órganos municipais competentes por razón da materia, segundo a distribución de atribucións establecida na lexislación de réxime local.

No suposto en que a proposta da Deputación Provincial en calquera das materias enunciadas non obtivese autorización municipal, a comisión de seguimento do convenio procederá a estudar a posibilidade dunha proposta alternativa que poida ser aprobada pola totalidade dos concellos delegantes. A comisión de seguimento deberá emitir a súa proposta alternativa, ou ben a ratificación da proposta inicial, no prazo máximo dun mes dende a recepción da denegación da autorización (ou, de se-lo caso, da última das denegacións, no suposto de seren varias) no Rexistro Xeral de documentos da Deputación Provincial, o que lle será comunicado ó concello afectado que, no prazo dun mes, adoptará o acordo que estime procedente sobre a proposta da comisión. No caso de que se rexeitase esta nova proposta, ou ben non se contestase ó requirimento formulado, entenderase que o concello afectado renuncia á prestación delegada do servizo, procedéndose á extinción automática do convenio, que será acordada pola Presidencia da Deputación, xunto coa liquidación correspondente, e farase efectiva no prazo de tres meses contados dende o vencemento do prazo para a adopción do acordo municipal.

3. O exercicio das competencias delegadas requirirá informe previo favorable da comisión de seguimento nos supostos seguintes:

- a) Acordos de modificación das condicións xerais de prestación do servizo que non impliquen modificación da Ordenanza reguladora do servizo nin da Ordenanza fiscal, tales como os acordos sobre planificación xeral do servizo, o establecemento e modificación das rutas, horarios e calendarios de recollida, a localización de colectores ou a modificación das prestacións que comprende.
- b) A planificación e programación dos investimentos que procedan para a ampliación, desenvolvemento ou mellora do servizo por importe igual ou inferior ó 30 % do custe económico anual do servizo.
- c) Os acordos para o establecemento das condicións para a adxudicación de contratos por importe de máis de 120.000,00 €, ou a subscrición de convenios de colaboración relacionados coa prestación do servizo.
- d) A formalización de convenios con outras administracións públicas.

4. Requirirá informe previo da comisión a aprobación da liquidación periódica do servizo regulada na cláusula quinta do presente convenio, e o cambio de adscrición, substitución ou baixa dos medios materiais adscritos ó servizo que teñan o carácter de bens inventariables.

5. O exercicio das competencias delegadas no resto de supostos poderá realizarse directamente polos órganos competentes da Deputación Provincial, sen prexuízo da dación de conta dos ditos actos á comisión de seguimento, cunha periodicidade mínima anual.

6. A comisión de seguimento, por unanimidade, poderá establecer directrices para o mellor funcionamento do servizo, que serán de obrigado cumprimento para a Deputación Provincial.

7. Os concellos delegantes poderán obter ou solicitarlle, en calquera momento, información á Deputación Provincial sobre o exercicio das competencias delegadas, mediante escrito dirixido á Presidencia. A información deberá remitirse no prazo máximo de dez días hábiles dende que a solicitude tivese entrada no rexistro de entrada de documentos da Deputación Provincial.

Sen prexuízo deste dereito, a Deputación Provincial manterá informada, de xeito periódico, á comisión de seguimento sobre a marcha do servizo.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

CUARTA.- Delegación de competencias para a xestión tributaria e recadación da taxa de recollida do lixo, IBI, IAE e IVTM (así como das taxas de abastecemento domiciliario de auga e saneamento e depuración de augas residuais, se é o caso) nos concellos adheridos.

1. Deléganse na Deputación Provincial de Ourense as facultades que os concellos asinantes teñen atribuídas en materia de xestión tributaria nos impostos de bens inmobles (IBI), actividades económicas (IAE), vehículos de tracción mecánica (IVTM), e taxa de recollida de lixo, e da recadación dos devanditos tributos, así como das actuacións pendentes dos últimos catro anos, e non prescritas, sobre os ditos tributos, ó abeiro do establecido no artigo 106.3 da Lei 7/85 de Bases de Réxime Local e o artigo 7 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, con alcance, contido, condicións e vixencia que se establecen na presente cláusula.

Así mesmo, delégase a xestión tributaria e recadación da taxa de subministración domiciliaria de auga potable e a de sumidoiros ou saneamento e depuración de augas residuais, agás que cada concello faga constar expresamente o contrario no acordo de adhesión ó convenio.

2. O contido da delegación é o seguinte:

2.1. Imposto sobre bens inmobles (IBI):

A Deputación exercerá as facultades de xestión tributaria do imposto sobre bens inmobles (IBI) previstas no artigo 77 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, que abrangerán:

- Concesión e denegación das exencións e bonificacións que procedan.
- Realización de liquidacións para determina-las débedas tributarias.
- Elaboración e emisión de listas, recibos e documentos cobratorios, así como liquidacións por ingresos directos.
- Práctica de notificacións colectivas en valores-recibo e individuais nas liquidacións por ingreso directo.
- Dita-la providencia de prema e expedir relacións certificadas de debedores por valores en recibo e certificacións de descuberto.
- Liquidacións de xuros por demora.
- Resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos.
- Resolución dos recursos que se interpoñan contra os actos anteriores.
- Actuacións para a asistencia e información ó contribuínte referidas ás anteriores materias.

Co fin de dotar da necesaria efectividade á xestión tributaria do imposto sobre bens inmobles, delégase igualmente na Deputación Provincial a facultade para, conforme co previsto no artigo 77 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establecer acordos ou convenios de colaboración co Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributaria conducentes á formación do padrón do imposto deste termo municipal e ó ditado dos actos administrativos que motiven a modificación deste conforme se determina no artigo 77 da citada lei, agás que o concello, no acordo de adhesión ó convenio, expresamente exclúa esta delegación.

2.2. Imposto sobre actividades económicas (IAE):

A Deputación Provincial exercerá as facultades de xestión tributaria do imposto sobre actividades económicas (IAE) previstas no artigo 91 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, que abarcarán:

- Concesión e denegación de exencións que procedan.
- Realización das liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias.
- Emisión de instrumentos de cobro de recibos e liquidacións por ingreso directo.
- Resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

- Resolución dos recursos que se interpoñan contra os actos anteriores.
- Actuacións para a información e asistencia ó contribuínte referidas ás anteriores materias.

2.3. Imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM):

A delegación da xestión deste tributo desenvolverase conforme coa seguinte distribución de funcións:

a) Obrigas do Concello:

- Remisión do Padrón (por única vez) para os efectos de proceder á súa informatización pola Deputación, remitindo, así mesmo, a relación de debedores dos últimos 5 anos, para os efectos de poder iniciar-la executiva.
- Remitirle á Deputación as altas, transferencias, baixas, cambios de domicilio, e demais circunstancias que poidan afectarlle á liquidación do imposto, de que teñan coñecemento. (Datos da Xefatura de Tráfico).
- Remisión á Deputación das solicitudes de exención ou bonificación no imposto, que lle sexan presentados, co fin de proceder a elabora-lo correspondente informe e expedi-lo documento acreditativo desta.
- Remiti-las domiciliacións existentes.
- Remiti-la Ordenanza Fiscal aplicable .

b) Facultades de xestión da Deputación:

- Expedición do primeiro recibo no caso de alta de vehículos por matriculación.
- Concesión e denegación de exención e bonificación, se procede.
- Elaboración de listas, recibos e documentos cobratorios.
- Práctica de notificacións colectivas en valores-recibo e individuais.
- Dita-la providencia de prema e expedir relacións certificadas de debedores por valores en recibo e certificacións de descuberto.
- Liquidación de xuros por demora.
- Resolución de expedientes de devolución de ingresos indebidos.
- Resolución dos recursos que se interpoñan contra os actos anteriores.
- Actuacións para asistencia e información ó contribuínte referidas ás anteriores materias.

2.4. Taxa de recollida de lixo (e rede de sumidoiros e depuración de augas residuais, se é o caso):

A delegación da xestión deste tributo desenvolverase conforme coa seguinte distribución de funcións:

a) Obrigas do Concello:

- Remisión do Padrón (por única vez) para os efectos de proceder á súa información pola Deputación remitindo, así mesmo, a relación de debedores dos últimos 5 anos, para os efectos de poder iniciar-la executiva.
- Remitirle á Deputación, as altas, transferencias, baixas e demais circunstancias que poidan afectarlle á liquidación da taxa, de que teñan coñecemento.
- Remisión á Deputación das solicitudes de exención ou bonificación da taxa, que lle sexan presentados, co fin de proceder a elabora-lo correspondente informe e expedi-lo documento acreditativo desta.
- Remiti-las domiciliacións existentes.
- Remiti-la Ordenanza Fiscal aplicable (agás no caso da Ordenanza da taxa de recollida de lixo a partir do 2009).

b) Facultades de xestión da Deputación:

- Concesión e denegación de exención e bonificación, se procede.
- Elaboración e emisión de listas, recibos e documentos cobratorios.
- Práctica de notificacións colectivas en valores-recibo individuais.
- Dita-la providencia de prema e expedir relacións certificadas de debedores por valores en recibo e certificacións de descuberto.



CONCELLO DE LOBIOS

- Liquidación de xuros por demora.
- Resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos.
- Resolución dos recursos que se interpoñan contra os actos anteriores.
- Actuacións para asistencia e información ó contribuínte referidas ás anteriores materias.

2.5. Taxa de subministración de auga potable (de se-lo caso):

A delegación da xestión deste tributo desenvolverase conforme coa seguinte distribución de funcións:

a) Obrigas do Concello:

- Remisión do Padrón anualmente, semestralmente, trimestralmente ou bimestralmente, segundo o criterio fixado na ordenanza, pois a lectura de contadores farase polo Concello para os efectos de proceder á súa informatización pola Deputación, remitindo, así mesmo, a relación de debedores dos últimos 4 anos, para os efectos de poder inicia-la executiva.
- Remitirle á Deputación, as altas, transferencias, baixas e demais circunstancias que poidan afectarlle á liquidación da taxa, de que teñan coñecemento.
- Remisión á Deputación das solicitudes de exención ou bonificación da taxa, que lle sexan presentados, co fin de proceder a elabora-lo correspondente informe e expedir-lo documento acreditativo desta.
- Remiti-las domiciliacións existentes.
- Remiti-la Ordenanza Fiscal aplicable.

b) Facultades de xestión da Deputación:

- Concesión e denegación de exención e bonificación, se procede.
- Elaboración e emisión de listas, recibos e documentos cobratorios.
- Práctica de notificacións colectivas en valores-recibo individuais.
- Dita-la providencia de prema e expedir relacións certificadas de debedores por valores en recibo e certificacións de descuberto.
- Liquidación de xuros por demora.
- Resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos.
- Resolución dos recursos que se interpoñan contra os actos anteriores.
- Actuacións para asistencia e información ó contribuínte referidas ás anteriores materias.

2.6. Contidos de aplicación a tódolos tributos:

As facultades de recadación en período voluntario e executivo, tanto de débedas por recibo como de liquidacións por ingreso directo e, se é o caso, de autoliquidacións, correspondentes ó imposto sobre bens inmobles, actividades económicas, vehículos de tracción mecánica, e taxa de recollida de lixo, que abarcará cantas actuacións comprende a xestión recadatoria de acordo coa lexislación aplicable e, en todo caso o seguinte:

- Practicar notificacións colectivas en débedas por recibo e individuais en liquidacións por ingreso directo.
- Fixar prazos de cobro en período voluntario en débedas por recibo.
- Establecer, de ser necesario, itinerarios de cobranza.
- Conferir e revogar ás entidades de depósito o carácter de entidades colaboradoras e establece-los límites da colaboración.
- Expedir relacións certificadas de debedores por recibos e certificacións de descuberto por liquidacións de ingreso directo.
- Dita-la providencia de prema en recibos e certificacións de descuberto e resolve-los recursos contra o devandito acto administrativo.
- Liquidar xuros de demora, trala orde expresa do Concello para a súa aplicación en tódalas débedas en que aqueles sexan esixibles.
- Conceder ou denegar aprazamentos e fraccionamentos en voluntaria e executiva.
- Recibir e custodiar garantías de débedas ou dispensalas.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

- Ordena-la constitución de hipotecas especiais.
- Ditar acordos de derivación de procedemento.
- Efectuar peritaxes e valoracións de bens embargados.
- Autorizar e presidir subhastas.
- Acorda-la suspensión do procedemento.
- Iniciar tercerías de dominio e de mellor dereito.
- Propoñe-la adxudicación de predios ó Concello, expedindo as certificacións necesarias para a súa inscrición nos rexistros públicos.

As facultades de recadación en período voluntario e executivo, co alcance previsto no punto 2.5) anterior de:

- A contribución territorial urbana e a contribución rústica e pecuaria, tanto de débedas en recibo como por liquidacións de ingreso directo pendentas do réxime anterior á entrada en vigor do imposto sobre bens inmobles.
- A licenza fiscal de actividades comerciais e industriais e a licenza fiscal de actividades profesionais e de artistas de débedas en recibo pendentas de réxime anterior á entrada en vigor do imposto sobre actividades económicas.
- Impostos sobre vehículos de tracción mecánica e taxa de recollida de lixo.

2.7. Outras condicións da delegación:

- 1) A Deputación Provincial de Ourense exercerá as facultades obxecto da presente delegación na forma que acorde a expresada Corporación.
- 2) Para o exercicio das facultades delegadas, o servizo aterase ó ordenamento local e á lexislación aplicable de acordo co establecido na Lei reguladora das facendas locais, así como na normativa que en materia de xestión e recadación tributarias poida dita-la Deputación Provincial en uso da súa potestade regulamentaria prevista no artigo 106.2 da Lei de bases de réxime local, e na ordenanza municipal de xestión de tributos, segundo modelo uniforme facilitado pola Deputación.
- 3) Polo exercicio das funcións delegadas no presente acordo, a Deputación Provincial percibirá as compensacións económicas previstas na actual Ordenanza Provincial Fiscal vixente na materia.

As cantidades a que dea lugar a devandita compensación económica serán retiradas das entregadas e liquidacións correspondentes que se realicen ó Concello .

- 4) A devolución dos ingresos indebidos que, de se-lo caso, se produza, ocasionará a dedución da cantidade correspondente das liquidacións que deban renderse ó Concello, sendo por conta da Deputación Provincial a devolución da parte de recarga de prema percibida só nos casos en que a causa que dea orixe á devandita devolución sexa imputable á súa actuación no exercicio das facultades delegadas. A compensación de débedas en período voluntario que, de conformidade coa lexislación aplicable, o Concello puidera acordar, requirirá a intervención do servizo para a súa realización, debendo, en calquera caso, entenderse como débedas cobradas para os efectos do premio de cobranza e das recargas ou participacións que á Deputación Provincial poida corresponder nestas.
- 5) Os anticipos a conta da recadación rexeranse polo disposto no artigo 8 da ordenanza fiscal antes mencionada. En todo caso, non se concederán anticipos sobre a recadación da taxa de recollida do lixo, dado que os gastos do servizo son asumidos integramente pola Deputación Provincial.
- 6) As cantidades que correspondan pola recadación obtida serán transferidas ó Concello mensual ou trimestralmente, segundo o seu importe, acompañadas da documentación xustificativa, rendéndose anualmente, polo servizo a conta da súa xestión recadatoria. Das ditas cantidades deduciranse, se é caso, os gastos soportados pola Deputación Provincial pola prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos que non resultasen cubertos pola recadación da taxa de recollida de lixo, segundo a última liquidación dos custes do servizo aprobada.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

QUINTA.- Traspaso de medios persoais e materiais adscritos ó servizo.

1. Con efectos do 1 de marzo de 2008, transferiráselle á Deputación Provincial o persoal laboral que, procedente dos concellos delegantes, estivese adscrito de xeito exclusivo ó servizo de recollida de residuos sólidos urbanos de cada concello. O dito persoal pasará a depender da Deputación Provincial durante a vixencia do convenio, nas condicións establecidas no artigo 44 do Estatuto dos Traballadores, e continuará rexéndose polo convenio colectivo que actualmente lle sexa de aplicación, de acordo co previsto no apartado 4 da dita norma.

2. En caso de revogación da delegación ou extinción por calquera causa da vixencia do convenio, o persoal transferido á Deputación Provincial reverterá á súa administración de orixe, entendendo por tal ó concello de procedencia. Os concellos contraen expresamente, para estes efectos, a obriga de asumir ó dito persoal nos supostos sinalados, recoñecéndosele ademais ó dito persoal o dereito a conserva-las condicións e dereitos laborais adquiridos, se é o caso, en virtude de negociación coa Deputación Provincial conforme ó establecido no apartado seguinte.

3. Ó abeiro do establecido no artigo 44.4 do Estatuto dos Traballadores, a Deputación Provincial poderá negociar e subscribir acordos ou convenios cos traballadores afectados ou os seus representantes, que teñan por obxecto os dereitos e obrigas integrantes da relación laboral. Será preceptivo, para a aprobación deste acordos ou convenios, o informe previo da Comisión de Seguimento do convenio de cooperación.

Unha vez aprobados, estes acordos ou convenios seranlles de aplicación ós traballadores afectados, que conservarán as condicións adquiridas na súa virtude incluso en caso de reversión ó concello de orixe, ata a extinción da vixencia dos ditos acordos ou convenios.

5. Con efectos do 1 de marzo de 2008, quedarán adscritos ó servizo, transferíndose o dereito de uso á Deputación Provincial de Ourense, tódolos medios materiais municipais que ata ese momento estivesen destinados de xeito exclusivo ó servizo de recollida de residuos sólidos urbanos no termo municipal do concello delegante.

A Deputación Provincial poderá proceder ó cambio de adscrición dos ditos medios materiais e/ou á súa substitución por outros de nova adquisición ou procedentes doutros servizos provinciais, así como á súa baixa no inventario no momento no que a súa deterioración os volva inservibles para o servizo, tralo informe previo da comisión de seguimento, no caso de bens de carácter inventariable, e sen que en ningún caso o cambio de adscrición poida supoñer unha diminución da calidade do servizo prestado.

SEXTA.- Réxime económico do servizo delegado.

1. Para os efectos do establecido na presente cláusula, consideraranse custes do servizo tódolos custes directos ou indirectos, incluídos os de carácter financeiro a amortización do inmovilizado e, se é o caso, os necesarios para garanti-lo mantemento e o desenvolvemento razoable e sostible do servizo.

Entre os custes de amortización do inmovilizado incluírase, en todo caso, a amortización dos vehículos propiedade da Deputación Provincial que queden adscritos ó servizo, ou daqueles outros que no futuro poidan adscribirse, así como os seus gastos de mantemento.

2. O servizo delegado financiarase con cargo á taxa de recollida do lixo. Os custes non cubertos por esta taxa serán por conta dos concellos.

Non obstante o anterior, non se lle imputarán, en ningún caso, ó concello, os custes do servizo consistentes en gastos de persoal provincial que non estea adscrito de xeito exclusivo a este servizo supramunicipal, nin os custes de funcionamento das unidades administrativas de carácter xeral da Deputación, sen prexuízo de que a parte proporcional destes custes que corresponde ó servizo poida ser tomada en consideración para a fixación das taxas do servizo.



CONCELLO DE LOBIOS

3. A distribución dos custes do servizo entre os distintos concellos realizarase de xeito proporcional á poboación de dereito de cada concello, segundo a última cifra oficial de poboación aprobada no momento de aprobarse a liquidación.

4. A Deputación Provincial aprobará a liquidación correspondente, coa periodicidade que se acorde na comisión de seguimento, que haberá de ser, como mínimo, anual. Unha vez aprobada e notificada ós concellos, esta liquidación será executiva, procedendo a Deputación Provincial a facela efectiva con cargo á recadación obtida nos tributos delegados. No caso de que por causas excepcionais a recadación fose insuficiente para aboa-los ditos custes, a Deputación poderá compensalos con calquera dereito de crédito que o concello afectado teña contra a Deputación Provincial, trala tramitación previa do oportuno expediente de compensación de débedas.

SÉTIMA.- Comisión de seguimento.

1. Establécese unha comisión de seguimento do convenio, integrada polos seguintes membros:

- a) En representación da Deputación Provincial:
 - O presidente, ou deputado no que delegue. Corresponderanlle, ademais, as funcións de presidencia da comisión.
 - O secretario xeral, o interventor, o tesoureiro, o xefe do Servizo de Augas e Medio Ambiente e o xefe do Servizo de Recadación, ou funcionarios que legalmente os substitúan, en tódolos casos con voz pero sen voto.

b) En representación do concello:

- O alcalde, ou concelleiro no que delegue, que poderá comparecer asistido de funcionarios ou técnicos municipais, estes últimos con voz pero sen voto.

As funcións de secretaría da comisión de seguimento corresponderanlle ó secretario xeral da Deputación, sen prexuízo da súa condición de vogal.

2. A comisión de seguimento terá carácter paritario, correspondéndolle un voto ó concello e outro á Deputación Provincial.

3. Son funcións da comisión as seguintes:

- a) Ser informada, polo menos anualmente, do estado de execución do convenio, así como das incidencias advertidas en cada exercicio.
- b) Informar calquera modificación ou novación do presente convenio.
- c) Coñece-las propostas, queixas ou suxestións que as partes poidan formularlles ó resto de entidades asinantes.
- d) Informa-los supostos de resolución do convenio.
- e) Emiti-los informes previstos na cláusula terceira do convenio.

4. A comisión de seguimento adoptará os seus acordos por maioría simple, agás naqueles casos nos que o presente convenio estableza un quórum diferente.

5. No non previsto no presente convenio, o funcionamento da comisión de seguimento rexerase polas normas de funcionamento de órganos colexiados establecidas no Título II da Lei do réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

OITAVA.- Réxime xurídico.-

O presente convenio terá natureza administrativa. A súa revisión en vía xudicial, así como a dos actos e acordos ditados na súa execución ou derivados deste, corresponderalles ós órganos da xurisdición contencioso administrativa.

NOVENA.- Causas de resolución do convenio.-

1. Serán causas de resolución do convenio as seguintes:

- a) Por mutuo acordo entre as partes.
- b) Por denuncia de calquera das súas partes, formulada cunha antelación mínima de tres meses ó remate de cada ano natural. En todo caso, a efectividade da resolución por denuncia de parte se entenderá referida sempre ó 1 de xaneiro do exercicio seguinte.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

- c) Nos supostos de denegación da autorización municipal prevista na cláusula terceira, en cuxo caso se seguirá o procedemento regulado na dita cláusula.
- d) Por incumprimento de obrigas convencionais esenciais. Para a aplicación desta causa de resolución, a entidade interesada en resolve-lo convenio porá previamente en coñecemento da comisión de seguimento a existencia da dita causa de resolución, e a súa intención de resolvelo. Unha vez realizada esta comunicación á presidencia da comisión, esta procederá a convocar á comisión, que deberá reunirse nun prazo máximo de quince días hábiles, co fin de emitir informe sobre a procedencia da resolución. Emitido o informe da comisión, a entidade interesada adoptará a resolución que proceda.

2. Unha vez resolto o convenio, este entrará en liquidación, que formulará a Deputación Provincial, previa audiencia do concello afectado, e na que se incluírán os danos e perdas ocasionados polo incumprimento de obrigas convencionais, de se-lo caso. O pago das obrigas derivadas da dita reclamación poderá reclamárselle á entidade que se considere responsable, e contra o rexeitamento expreso ou tácito desta poderán interpoñerse os recursos e exercerse as accións contempladas no ordenamento vixente.

DÉCIMA.- Duración do convenio.

O presente convenio terá vixencia a partir do 1 de marzo de 2008, expirando o 31 de decembro de 2010.

Non obstante o anterior, ó seu remate, o convenio poderá ser obxecto de prórroga, por acordo expreso das partes, polos períodos que se establezan”.

2º.- O presente convenio será obxecto de publicación no BOP, para xeral coñecemento.

UNDÉCIMA.- Cláusula adicional.

No suposto de que algún dos concellos interesados non aprobase o convenio con anterioridade ó 1 de marzo de 2008, este poderase subscribir e entrará en vigor para os concellos que si lle prestasen aprobación.

O resto de concellos poderán adherirse con posterioridade, unha vez aproben a subscripción do presente convenio.”

O Sr Alcalde- Presidente explica o punto indicando que xa foi delegada por acordo plenario de data vinte e catro de novembro de dous mil sete na deputación provincial de ourense das facultades atribuídas a este concello en materia de xestión tributaria e recadación dos impostos sobre bens inmobles, sobre actividades económicas, sobre vehículos de tracción mecánica e da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo e residuos sólidos urbanos, pero agora se trataría de facer un convenio coa posta en marcha da planta de Muíños, obtendo moitas vantaxes, ademais se faría unha cesión do persoal e do transporte de residuos sólidos urbanos que será coordinado pola Deputación.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, comeza felicitando a incorporación da secretaria de carreira, licenciada en dereito e coa praza que é bo para o pobo xa que implica unha seguridade xurídica e que era un tema que sempre se solicitara e que se precisaba xa que por carecer dun secretario de carreira fixéranse mal as cousas como no Balneario, e así mesmo lle presta o seu apoio e o dos compañeiros. Continua a súa intervención preguntando canto lle costa ao Concello.

O Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, resposta que nada, seguirase cobrando exactamente o mesmo, cedemos o vehículo e o personal para que eles o suministren.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, sinala que hai un tema que é o da recollida de escombros das obras que o pobo se pregunta onde se recollen os mesmos e ese é un tema que debe estudiarse polo Sr Alcalde-Presidente.

O Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, resposta que ese é un tema que se esta traballando con Muíños no Punto de Transformación de Muíños. E en relación aos Residuos Sólidos Inertes hai unha empresa de A Illa que ofrece a oportunidade de levar este tema polo que se pode dicir que xa esta encamiñado.

Sometida a presente proposta da Alcaldía a votación, resultou aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullón, Fernández Simo, Carballo Suárez e Veloso González (sete votos a favor).

Polo que a presente proposta da Alcaldía aprobose por unanimidade dos membros presentes da Corporación. (sete votos a favor dos grupos municipais do PSG-PSOE, BNG e Mixto).

PUNTO TERCEIRO: TERREO DE TITULARIDADE MUNICIPAL PARA INSTALACIÓN DUNHA “GALESCOLA”

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, explica que no Pleno anterior acordouse consensuar unha ubicacion partindo de que o Consorcio Galego Social insiste en que debe ser un solar ou estrutura antiga que fose adaptable, a proposta do antigo polideportivo valería se o Concello se encargase do derribo. Continua dicindo que lles dará igual o lugar sempre que se cumpra o solicitado pola Xunta neste Pleno deberíase acordar a cesión e despois que se fagan os informes técnicos oportunos.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, indica que debe de informar previamente o técnico do Concello.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, explica que este é un tema que xa viña do Pleno anterior onde se acordou que neste Pleno se definiría un sitio e despois xa se farían os informes pertinentes, o que non se pode é retrasalo dous meses ao próximo Pleno, xa que si non poderíamos quedar fora desta primeira fase. As condicións que temos que cumprir son unicamente o do cese do terreo e a Xunta correría cos gastos de construción, e posteriormente o Concello unicamente correría cos gastos do 30 %, sen incluír os gastos de persoal que pagaría a Xunta.

O Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, indica que con relación o antigo Polideportivo, os custos da demolición beneficiarían nos cimentos. Continua dicindo que evidentemente falta o informe do arquitecto municipal, pero facendo un sonda polos terreos que cumpren as condicións de urbanizable e de propiedade municipal aparecen dous terreos, un terreo de 700 m², e outro preto da casa do medico de 660 m², pero faltaría o informe técnico.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que lle gustaría que no Pleno se dese o visto bo a cesión e que despois se fagan os informes oportunos ou senón que se compromentan a facer un Pleno extraordinario nun prazo non superior a quince ou vinte días ao sumo xa que o acordo do Pleno é fundamental.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

O Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, responde que o arquitecto esta de baixa, pero que non habería ningún problema en que se xestione o sitio para ubicar a galescola indicando que a súa dispoñibilidade estará en función de que cumpra os requisitos que determine o técnico.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, considera que o Pleno debería de dar luz verde a expensas de que o arquitecto informe cal é o lugar mais adecuado excluindo o antigo polideportivo.

O Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, responde que sigue considerando o antigo polideportivo como a ubicacion mais adecuada polo que lle solicitara informe o arquitecto sobre os custes do derribo e os beneficios.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que o responsable técnico e político da area estivo no Concello e dixo que non aceptaría ese local xa que non considera nin o lugar nin os custes de derribo beneficiosos. Continua dicindo que temos espazos de abondo e o único que necesitamos é por a traballar aos técnicos e se este esta de baixa buscar axuda externa porque seria inadmisíbel perder esta axuda.

O Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, indica que podemos votar favorablemente a expensas de que o informe técnico estableza o oportuno.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, indica que se trata dun tema que precisa de informe técnico se precisa unha base, e que non admite adoptar este acordo e que dependan do informe do técnico e sen que estean os membros de Grupo Político Municipal do PP, primeiro debe facerse o informe do técnico e despois decidir, non se pode deixar á liberdade do arquitecto e que elixa el a ubicacion

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que non ten problemas en que se convoque pleno extraordinario pero que é preciso que en quince días polo menos se definan dous ou tres ubicacions segundo as cales se faga un informe e en quince días se convoque o pleno.

O Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, indica que ninguén se opón a creación da galescola pero hai problemas en definir a ubicacion xa que hai problemas cos documentos de compra.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que eses terreos se poden rexistrar porque esperar a encontrar os documentos é imposible hai outras formas de rexistrar un terreo así o fan no ámbito privado e entende que a Administración tamén podería. Continua indicando que ademais do aspecto legal hai que ver o político xa que esto non se debe decidir por unha ou dúas persoas e debe haber consenso se é preciso o informe do técnico comprometámonos a facer un pleno en quince días e decidir a ubicacion co informe na man.

O Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista responde que carecemos de información das necesidades técnicas polo que se esta traballando a oscuras .

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que nos prazos de xestión política esta primeiro a palabra e despois a redacción



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

de documentos, o Consorcio precisa previamente do acordo para cesión de documentos para seguir o procedemento

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, indica que para votar a favor o único que se pode votar é que se fará o expediente e que se faga o informe correspondente, continua dicindo que a galescola é moi importante e ao seu xuício non pode tolerar que se fale no pleno de algo que se debe falar nos despachos, no Concello o que manda son os once concelleiros non a Xunta

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que é evidente que non é a Xunta a que decide e por iso estamos aquí, pero si que é a Xunta a que executa e é preciso establecer un terreo para cederlles.

O Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista indica que se esta de acordo en ceder un terreo en xeral e pide que o Sr Fernández Simo se comprometa a presentar propostas que veñan co informe técnico.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, responde que no pleno anterior propuxo un sitio pero non foi axeitado polo que se decidiu traer propostas no seguinte pleno, continua indicando que a súa proposta pareceulle axeitada no Consorcio e que o arquitecto lle dixo que ese terreo non tería problemas salvo o problema do rexistro.

O Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista indica que este acordo non se pode votar e que queda pendente para o próximo pleno

PUNTO CARTO: DAR CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, pregunta ós concelleiros se queren facer algunha observación respecto a esta dación en conta, respostando que non e dándose por enterados.

PUNTO QUINTO: ROGOS E PREGUNTAS.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Político Municipal Mixto, Sr. Veloso González, formula os seguintes:

Primeiro.- Roga que se resolva o tema dos escombros xa que hai un bando que permite votalos en varios lugares.

Segundo.- Tamén roga que xa que se deu un cambio na Corporacion debía darse un curso de formación para concelleiros ou charlas para concelleiros e publico sobre o funcionamento dun Concello ao que el mesmo se apuntaría.

Terceiro.- Casi fai un ano que levan na Corporación e seria interesante que arranxen o tema do Balneario, non se pode olvidar que se regalou e entende que deben falar cos donos do Balneario e chegar a un acordo con eles e co Concello de Lobios, a Ministra de Medio- Ambiente e os Conselleiros para determinar que un tanto por cento das augas termais sexan de uso publico, xa que comprobou que non existe informe da Confederación hidrográfica e con isto se podería abrir un expediente para tratar que o auga sexa de uso publico nun tanto por cen, cheguen a un acordo e se non é así que se abra un expediente e se fagan as obras oportunas para facer Lobios un pobo turístico e fagan o oportuno neste tema.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

O Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, explica que xa iniciou as conversas coa empresa e co subdelegado da Confederación hidrográfica e o delegado de Medio- Ambiente e estas conversas derivaron nunha posta en valor de augas para uso ao publico e xa esta en tramite e buscan meter a traves do Interreg no que xa esta metido este proxecto facer unhas piscinas publicas que é moi importante.

E non habendo mais asuntos a tratar o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo as doce horas e dez minutos do día da data do que eu, como Secretaria, dou fe.

O Presidente

A Secretaria-Interventora

Asdo: José Lamela Bautista

Asdo: Laura Fernández Permuy